

A ESCOLA DA VIDA

Gastos fixos suntuarios

06.03.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Todo neste mundo ten uns gastos fixos. A algúns páganlles, como é o caso dos pais aos fillos que conviven con eles namentres non gañan para o seu sustento. Pero alguén ten que pagalos xa sexa por el mesmo ou polos outros. A todos os cidadáns, as nosas administracións mantéñennos diversos gastos fixos en forma de impostos, por exemplo. Estas, pola súa parte, tamén teñen moitos gastos fixos: persoal, auga, luz e moitos outros compromisos adquiridos coa sociedade á que serven en forma de servizos públicos ou de obras. Porén, agora estamos en crise, e algunhas administracións este feito parecen aproveitalo como desculpa para non actuaren fronte a algúns dos compromisos sociais máis perentorios, deixando de pagar a tempo prestacións obrigatorias como as axudas sociais en forma de remuneracións básicas ou bolsas.

Cando a unha familia con escasos ingresos ou a un alumno con medios económicos insuficientes pero altamente dotado intelectualmente se lles priva das súas correspondentes axudas, mentres a Administración financia políticos cunhas rendas que para si quixeran moitos empresarios, estase cometendo unha verdadeira fraude de lei. Unha fraude de lei ou malversación perpetrada cuns caudais públicos que son achegados polos contribuíntes como achega material dos nosos soldos e das nosas compras e vendas. Un diñeiro que consideramos unha parte moi importante do noso capital persoal e familiar e para o que lles pedimos aos nosos administradores e xestores o máximo respecto en forma de bo goberno en favor do ben común.

Por iso, sentimos unha inconmensurable dor cando vemos os nosos gobernantes aplicar criterios inmorais na distribución dos nosos impostos. Criterios que priorizan o suntuario antes que o necesario. Pois suntuario é pagarlles aos bancos os créditos contraídos a longo prazo para que eles dispoñan de liquidez para as súas operacións lucrativas e prioritario darlle a axuda correspondente a unha persoa ou a unha familia sen recursos que se mantén no límite da pobreza; suntuario é pagarlles cantidades non contrastadas ou vitalicias a persoas que exercen ou exerceron na política deixando de facelo a uns bolseiros precarios que poñen todos seus esforzos en melloraren o día a día da súa sociedade. Os orzamentos da Administración son finitos polo que a súa xestión ten que ser tamén moi fina.